



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 12 DE NOVEMBRO DE 2020. (EXPEDIENTE 2020/G010/000008)

No salón da casa da Cultura do Concello da Laracha, sendo as 13:32 horas do día 12 de novembro de 2020, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os Señores Concelleiros que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, o Secretario D. Miguel Piñeiro Souto e o interventor municipal Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concorren debidamente convocados:

Señores Asistentes:

Presidente.- D. José Manuel López Varela (PP)

Concelleiros:

D. José Ramón Martínez Barbeito (PP)
Dna. Patricia Bello Canedo (PP)
Dna. Rocío López Rey (PP)
D. Jesús Souto Pena (PP)
D. Ramiro Bello Recouso (PP)
D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP)
Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP)
Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)
Dna. Adelina Liste Monelos. (PP)
D. Pablo Cambón Bértoa(PP)
Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE)
Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE)
Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE)
D. José Martínez Ageitos. (PSOE)
D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG)
Dna. Carolina Castiñeiras Brandón(BNG)

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión na Casa da Cultura, para gardar as debidas distancias de seguridade.

Antes do comezo da sesión o Sr Alcalde da conta da videoconferencia con Conselleiro de Sanidade da que conclúe que os datos (17 casos na Laracha) son moito máis favorables que nos concellos da contorna., polo que non terna restriccións que afectan a temas económicos. Finalmente transmite o pésame aos familiares das persoas falecidas e animas aos ingresados a ter unha pronta recuperación.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Seguidamente pásase o estudo dos asuntos incluídos na orde do día:

1.- PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA LARACHA

O secretario da conta do ditame da sesión extraordinaria celebrada polo pola comisión comision informativa de asuntos xerais celebrada o 06 de novembro do 2020 seguinte.

“O Pleno do Concello da Laracha, en sesión ordinaria celebrada en data 27 de setembro de 2019, aprobou inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

O mesmo someteuse a información pública por un prazo de vinte días hábiles, mediante a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de 07.10.2019, publicándose así mesmo a documentación do plan na páxina web do Concello, a fin de que as persoas que o desexasen poidesen formular as correspondentes alegacións, observación e suxestións.

Durante o citado prazo non se presentaron alegacións.

O artigo 16.3 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece que a dirección xeral competente en materia forestal emitirá informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación.

Con data 12.02.2020 o subdirector xeral de Prevención da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Xunta de Galicia informa que o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de A Laracha cumpre cos requisitos mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para a súa aprobación, e en consecuencia informa favorablemente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais de A Laracha, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, tal e como se establece no artigo 21.1.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril.

Con data 28.05.2020 e ao abeiro do disposto no artigo 33.1 da Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia, remítese á Comisión Galega de Protección Civil o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais da Laracha para a súa homologación, previa á aprobación definitiva do mesmo, informando con data 7.10.2020 o subdirector xeral de Planificación e Protección Civil que estes plans, que se redactan e implantan conforme á Lei 3/2007 non son obxecto de homologación por parte da Comisión Galega de Protección Civil.

Por todo exposto, propónse ó Pleno a adopción do seguinte, **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobado definitivamente o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Laracha” asinado por Pablo Arbones Maciñeira (enxeñeiro de montes, col.nº1265) e Carmen Paz López (enxeñeira técnica forestal, col nº 1265) e informado favorablemente pola Dirección Xeral competente en materia forestal.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Terceiro.- Comunicar á Dirección Xeral de Montes da Consellería de Medio Rural por rexistro electrónico a devandita aprobación definitiva achegando a documentación acreditativa do presente acordo.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Sometida a proposta a ditame da Comisión Informativa, esta resulta **ditaminada favorablemente** por oito (8) votos a favor : Cristina Vieites Calvo, (PP) Jesús Souto Pena(PP) , Xosé Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE), José Martínez Ageitos (PSOE) e unha abstención de Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).”

Posteriormente sométese o asunto a votación e resulta **aprobado por unanimidade con dezasete (17)** votos a favor de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

2.- CONVENIO DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA

Expte num: 2020/X999/000412

Dáse conta do ditame emitido pola comisión comisión informativa de asuntos xerais celebrada o 06 de novembro do 2020, seguinte:

- “ANTECEDENTES

O transporte público colectivo de persoas non só se configura como servizo público de carácter esencial para a poboación, senón que tamén contribúe á redución da contaminación e da conxestión das nosas cidades e, por tanto, ao incremento da calidade de vida do conxunto da poboación.

Coa finalidade de contribuír ao impulso do sistema de transporte público colectivo, a Xunta de Galicia desenvolveu un primeiro proxecto de mellora do transporte nas sete principais aglomeracións urbanas de Galicia, dando lugar, no caso da área da Coruña, á formalización o 2 de marzo de 2005, xunto cos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, dun primeiro convenio de colaboración para a implantación dun primeiro grupo de medidas de fomento do transporte público. Posteriormente, as vantaxes introducidas a través desta liña colaboración darían lugar á integración de novos concellos porén mediante acordo do Pleno do Concello da Laracha de 23 de febreiro do 2012 este órgano manifesta a vontade de integrarse na área de transporte metropolitano (ATM) da Coruña.

En data 16/10/2020, num 2020/1428545 a Dirección Xeral de Mobilidade remite a derradeira versión do novo Convenio para a súa tramitación do texto do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano da Coruña.

Á vista dos antecedentes sinalados e de acordo a canto dispoñen os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e 22 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Adherirse ao Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano da Coruña.

SEGUNDO.- Autorizar ao Alcalde-Presidente a asinar cantos documentos sexan precisos e dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Mobilidade”.

O Alcalde

Don Jose Manuel López Varela

”

[.....]



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Sometida a proposta a ditame da Comisión Informativa, esta resulta **ditaminada por unanimidade con nove (9) votos a favor** : Cristina Vieites Calvo, (PP) Jesús Souto Pena(PP) , Xosé Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE), Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) e Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

Non producíndose intervencións e sometido o ditame a votación, resultando aprobado por **unanimidade con dezasete (17) votos a favor de** D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

3.- DAR CONTA DA CLASIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Dasé conta da Resolución de Alcaldía seguinte:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: CLASIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EXPEDIENTE: 2020/G003/000896

O 10 de febreiro de 2020 por Resolución de alcaldía nº 62/2020, apróbase o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Laracha por procedemento aberto e regulación harmonizada

O valor estimado do contrato ascende a $880.238,99€ \cdot (2 \cdot 2) = 3.520.955,96€$ IVE non engadido e o orzamento máximo de licitación estará fixado polo tanto en 928.732,06 €, IVE engadido/12 meses.

Publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e na Plataforma de Contratos o 17 de febreiro de 2020, sendo o último día para presentar as ofertas o 16 de marzo de 2020. O 14 de marzo decretase o Estado de alarma no país por mor da Crise Sanitaria da Covid-19 mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, polo que quedou suspendido o prazo de presentación de ofertas o 16 de marzo, último día para presentar a documentación,, o cal se reaunudou por Real Decreto-ley 17/2020, de 5 de mayo, por el que se aprueban medidas de apoyo al sector cultural y de carácter tributario para hacer frente al impacto económico y social del COVID-2019, o 7 de maio de 2020, dando un día, ata o día 8, para presentar ofertas.

O 11 de maio de 2020, reúnese a Mesa de Contratación para a apertura do sobre A.

As ofertas recibidas para o presente procedemento aberto de contratación administrativa do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR” foron as seguintes:

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

NIF LICITADOR	LICITADOR
A79022299	EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.
B85621159	SACYR SOCIAL, S.L.
B15724719	SENES CIT S.L.
B33228396	AZVASE, S.L.
B70398425	SON A TUA AXUDA
B70091749	SERVIZOS SOCIAIS ULLA SAR S.L.
B15724719	SENES CIT S.L.
B70253042	O ESPERTAR SERVICIOS SOCIAIS SL
B53977013	PROTECCIÓN GERIÁTRICA 2005, S.L.
B15612039	SIAD24 GALICIA SL
B32353195	TRONCOSO CASARES, S.L.
A27843192	SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE S.A.

O 13 de maio procedese a apertura do sobre B “OFERTA TÉCNICA O EVALUABLE MEDIANTE JUICIO DE VALOR” pola Mesa de Contratación e se acorda remitir aos servizos técnicos municipais, a citada documentación do sobre B para que proceda a emitir informe de valoración sobre o contido do mesmo a efectos de continuar coa tramitación do expediente.

O día 8 de outubro de 2020 a Mesa de contratación reúne de novo para a valoración do informe sobre a documentación requirida no Sobre B e apertura do sobre C “DOCUMENTACIÓN AVALIABLE DE FORMA AUTOMÁTICA POR APLICACIÓN DE FÓRMULAS”.

Valoradas as ofertas presentadas, a Mesa de Contratación acordou propoñer a selección ao órgano de contratación do candidato con mellor puntuación, e único.

Visto canto antecede ao abeiro do disposto no artigo 159.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público a Mesa de Contratación acordou propoñer a esta alcaldía, como órgano de contratación, a clasificación das proposicións.

Mediante acordo do Pleno da Corporación de 21 de xuño do 2019 delegouse polo Pleno nesta Alcaldía as atribucións que lle corresponden en materia de contratación agas a adxudicación(delegada na Xunta de Goberno Local).

Polo anterior e ao abeiro da Lei de contratos do sector público, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Clasificar as ofertas presentadas segundo o proposto pola Mesa de Contratación da licitación

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

do contrato de servizos de Axuda no Fogar, da seguinte maneira:

ORDE	LICITADOR	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1	SIAD24 GALICIA SL	19	87,74	106,74
2	SACYR SOCIAL, S.L.	18	86,26	104,26
3	Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.	16,50	87,14	103,64
4	SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE S.A.	17	86,39	103,39
5	SERVIZOS SOCIAIS ULLA SAR S.L.	16	87,01	103,01
6	AZVASE, S.L.	16,50	86,46	102,96
7	SENES CIT S.L.	13	89,88	102,88
8	PROTECCIÓN GERIÁTRICA 2005, S.L. (ASISTENZIA)	14,70	87,23	101,93
9	Troncoso Casares, S.L.	11,50	89,59	101,09
10	O ESPERTAR SERVICIOS SOCIAIS SL	11,74	89,07	100,81
11	SON A TUA AXUDA	2,50	36,26	38,76

SEGUNDO.- Requirir á empresa SIAD24 GALICIA SL, primeira clasificada, para que no prazo de 10 días hábiles presente a documentación requirida na Cláusula 20 dos Pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación do contrato.

TERCEIRO. Dar conta á Comisión Informativa na vindeira sesión que se celebre de acordo ao previsto no art 126.2 do ROF”

Non producíndose intervencións, os membros da Corporación danse por enterados

4.- APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO-SUPLMENTO DE CRÉDITO 02-2020

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos (crédito extraordinario-suplemento de crédito 02-2020), considerando que se trata de necesidades urxentes e inaprazables, e tendo en conta a Liquidación do Orzamento do Concello do ano 2019 da que resulta un Remanente de

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Tesourería para Gastos Xerais positivo co que se financia a modificación, acrecentando en 675.222,96 euros e dotando de crédito por 43.846,73 euros nas aplicacións orzamentarias que se detallan:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

APLICACIÓN	INCREMENTO PROPOSTO	DESCRICIÓN
160.61900	45.784,17	Sumidoiros, investimentos de reposición
165.61900	36.000,00	Alumeado público, investimentos de reposición
171.619.00	18.000,00	Parques e xardíns, investimentos de reposición
323.60000	25.000,00	Centros docentes de educación infantil e primaria, investimento novo terreos
342.63200	58.000,00	Instalacións deportivas, investimentos de reposición
453.61900	45.000,00	Estradas, investimentos de reposición
1531.61900	102.138,38	Acceso a núcleos, investimentos de reposición
1532.61900	274.300,41	Pavimentación vías públicas, investimentos reposición
1532.62500	28.000,00	Pavimentación vías públicas, mobiliario
1621.62300	43.000,00	Recollida de residuos, maquinaria, instalacións e utillaxe

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO.....675.222,96 €**CRÉDITO EXTRAORDINARIO**

APLICACIÓN	DOTACIÓN PROPOSTA	DESCRICIÓN
171.60900	32.622,36	Parques e xardíns, investimentos novos
323.62500	8.224,37	Centros de educación infantil e primaria, mobiliario
934.35900	3.000,00	Administración financeira, outros gastos financeiros

TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO.....43.846,73 €**FONTES DE FINANCIAMENTO:****REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS: 719.069,69 €**

SEGUNDO.- Someter a información pública polo prazo de 15 días hábiles o expediente mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.

TERCEIRO.- Aprobar con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

CUARTO.- Publicar un resumo do Orzamento a nivel de capítulos, unha vez aprobada a modificación de créditos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, con ofrecemento dos recursos que en Dereito procedan.

QUINTO.- Remitir copia do expediente á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sometida a proposta a ditame da Comisión Informativa, esta resulta ditaminada favorablemente por oito (8) votos a favor : Cristina Vieites Calvo, (PP) Jesús Souto Pena(PP) , Xosè Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE), José Martínez Ageitos (PSOE) e unha abstención de Carolina Castiñeiras Brandón (BNG)."

O Sr Alcalde sinala que das principais actuacións as que se destina o remanente e as partidas afectadas.

Sometido o ditame a votación **resulta aprobado por unanimidade con dezasete (17) votos a favor** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

REMATE DA SESIÓN.-

Non sendo outro o obxeto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 13:40 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión, agradecendo a asistencia sesión convocada de urxencia, estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, Secretario, dou fé.

O Secretario,

O Sr. Alcalde-presidente,